

NOME: Canto Conta Contar o Conto.

REFERENCIA: 00004.

NÚMERO PARTICIPANTES: A partir de 5.

IDADES: A partir de 8.

ESPAZO

Espazo para sentar e ver.

MATERIAIS

- Rotafolio ou papel de embalaxe.
- Soporte de rotafolio ou parede onde presentar un deseño e unha persoa poida deseñar.
- Rotulador de punta grosa e redonda.

DURACIÓN (TEMPOS APROXIMADOS)

15 minutos.

1. Introducción. 2 minutos.
2. Primeira visual. 2 minutos.
3. 1.º voluntario ou voluntaria. 2 minutos.
4. 2.º voluntario ou voluntaria. 2 minutos.
5. 3.º voluntario ou voluntaria. 2 minutos.
6. 4.º voluntario ou voluntaria. 2 minutos.
7. Pintar e comentar. 3 minutos.

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

DESCRIPCIÓN

Convídase a que 4 voluntarios ou voluntarias se afasten do grupo. Unha vez afastados, amósase un deseño de trazo simple ao plenario. Unha persoa preséntase voluntaria para observar o deseño “sen perder detalle”. Unha vez observado, o deseño é cuberto e a persoa transmitiralle ao primeiro dos voluntarios ou voluntarias a descrición do deseño “sen perder detalle”. Entre ambas as persoas establecerase un diálogo ata que a persoa que escoita sinta que xa non ten dúbidas, nese intre a persoa que viu o cadro sentará e chamarase a un novo voluntario ou voluntaria. Así sucesivamente. As persoas que están sentadas poderán rir, pero non falar. A última das persoas, no canto de falar, deseñará nunha folla igual á orixinal, a súa versión do deseño segundo a comprensión do que lle foi transmitido.

CONTIDOS EDUCATIVOS

Permite reflexionar sobre a atención e a concentración.

Permite reflexionar sobre as perdas de comunicación, a liberdade interpretativa e a importancia de coñecer as fontes orixinais de información.

Permite reflexionar sobre e a dificultade de comunicar o que cadaquén ten en mente.

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal


www.xuventude.net



MATERIAL ANEXO

Un deseño dividido en 4 partes. 4 deseños simples deseñados en cada unha delas.

Exemplo:



O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net